

NOVAS MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN DE PAGO DOS TRIBUTOS

IBI, VEHÍCULOS, IAE...

DIVIDE OS TEUS RECIBOS SEN CUSTO ADICIONAL

Plan especial de pagamento individualizado en 10 mensualidades (sen custe):

Pode solicitar a flexibilización dos pagos dun ou varios impostos de carácter periódico (IBI, IVTM, IAE...) en 10 mensualidades o día 5 de cada mes ou inmediato hábil posterior de xaneiro a outubro a partires do 2022.

Excepcionalmente: E só para este ano 2021 será de 7 mensualidades de maio a novembro.

Para poder acceder a este sistema non deberá ter débedas de pagamento en período executivo.

Requisitos/documentación:

- Solicitud expresa (domiciliación bancaria)
- Copia Dni
- Certificado de acreditación de conta

Presentación:

Poderán solicitalo a través da web da Deputación www.dacoruna.gal (Servizos Tributarios/Impresos (documentación), da Oficina Virtual Tributaria (OVT) ou en persoa a través de calquera das oficinas tributarias da Deputación da Coruña, así como polos medios recollidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015.

Os modelos de solicitud poden solicitarse tamén a través do **teléfono gratuito 900 132 204** ou do correo electrónico atencion.tributaria@dacoruna.gal

Prazo: Aberto

A solicitud deberá estar aprobada antes do 1 de xaneiro de cada ano con efectos para o exercicio seguinte.

Sistema especial de pagamento dos recibos en período voluntario en 2 prazos (sen custe):

1ª Campaña voluntaria anual: 50% do recibo o 30/04/2021 e 50% un mes antes do último día do período de pago da voluntaria.

2ª Campaña voluntaria anual: 50% do recibo o 30/07/2021 e 50% un mes antes do último día do período de pago da voluntaria.

Requisitos/documentación:

- Solicitud expresa (domiciliación bancaria)
- Copia Dni
- Certificado de acreditación de conta

Presentación:

A través da web da Deputación www.dacoruna.gal (Servizos Tributarios/Impresos (documentación), da Oficina Virtual Tributaria (OVT) ou a través de calquera das oficinas tributarias da Deputación da Coruña, actualmente con cita previa chamando ao

teléfono gratuito 900 132 204

• Prazo: Aberto

Para que a solicitud xurda efectos deberá presentarse na Deputación antes do envío da remesa de domiciliacións bancarias do primeiro prazo de dito período voluntario.

Excepcionalmente: No 2021 deberá presentar a solicitud ANTES DO DIA 30 DE ABRIL para poder acceder a este sistema de pagos e xa quedaría solicitado para os anos vindeiros.

+INFO

DEPUTACIÓN DA CORUÑA

SERVIZOS TRIBUTARIOS

atencion.tributaria@dacoruna.gal

Telf. Gratuito 900 132 204

